

## PROPOSTA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR, CO FIN DE CURSAR ESTUDOS DE MÁSTER QUE SE INICIEN NO CURSO 2020/21 NUNHA UNIVERSIDADE GALEGA

Por resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, aprobáronse as bases reguladoras e procedeuse á convocatoria de 150 bolsas excelencia mocidade exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/21 nunha universidade galega (DOG nº 44 do 5 de marzo).

De conformidade co disposto no artigo 16.1 da resolución de convocatoria, con data 7 de xullo de 2020 o órgano instructor formulou a correspondente proposta de resolución provisional coas listas de persoas candidatas á bolsa, suplentes e excluídas, que se notificou ás persoas interesadas mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración, para que no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación presenten as alegacións oportunas. A dita proposta publicouse na web o día 8 de xullo de 2020.

A vista das alegacións presentadas dentro do prazo establecido, formulo a seguinte,

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Primeiro.- Modificar con base nas alegacións presentadas, a puntuación obtida polo solicitante Andres Emanuel Novío Alvarez, con pasaporte \*\*\*\*\*5528, que pasa a ser de 13,18 puntos.

Segundo.- Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións recibidas.

Terceiro.- Declarar como **candidatas á bolsa** ás **150 persoas** que obtiveron a maior puntuación, que constan no Anexo I.

Cuarto.- Declarar como candidatas **suplentes á bolsa** ás **58 persoas** segundo a orde de puntuación obtida, que constan no Anexo II.

Quinto.- Declarar como **excluídas** ás **93 persoas solicitantes** desta convocatoria de bolsas, que non acreditaron o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria así como as persoas que desistiron da súa solicitude de bolsa, que constan no Anexo III.

As persoas que figuran nas listas definitivas de candidatos e na de suplentes, teñen de prazo ata o día **6 de agosto de 2020, ás 23:59 horas** (hora peninsular española), para acrediten estar matriculadas nun máster dos ofertados nesta convocatoria de becas, mediante a achega do xustificante de matrícula.

As 150 persoas da lista definitiva de persoas candidatas, sempre que acrediten estar matriculadas nun máster dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, pasarían a ser beneficiarias da bolsa. Do mesmo xeito, as persoas que figuran na lista definitiva de suplentes, sempre que acrediten estar matriculadas neste mesmo prazo, poderían chegar a ser adxudicatarias da bolsa no caso de que haxa vacantes porque persoas da lista de admitidos definitiva non se matriculen ou desistan da súa solicitude de bolsa.

Santiago de Compostela,  
Subdirector Xeral de Xestión Económico Administrativa e do Retorno

José Carlos García Bouzas



Xacobeo 2021

